



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 4
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	<input type="checkbox"/> Home	<input type="checkbox"/> Muller	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



Celga

Certificado
Lingua
Galega

4





Proba A1

A vostede sempre lle gustou o mar e a navegación. Ten un amigo que se vai xubilar e está valorando a posibilidade de adquirir un barco de vela. Despois de ver unha reportaxe sobre embarcacións de lecer, decide escribirlle unha carta na que, en **400 palabras**, ha de:

- Comentarlle que tipos de barcos de lecer pode atopar no mercado.
- Contraponer as vantaxes das embarcacións a motor fronte ás de vela.
- Darlle algúns consellos para a compra da embarcación.
- Advertilo dos custos de amarre e mantemento e argumentar a favor da posibilidade de compartiren o barco.

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answer to the exam question.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A1 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answer to the exam question.



Proba A2

Pertence vostede a unha asociación veciñal que vai celebrar a festa de San Xoán. Encárganlle a elaboración dun folleto informativo para difundir entre os visitantes, moitos deles turistas, que acudan á festa. Despois de ler os dous fragmentos que seguen, decide redactar un texto de **400 palabras** no que:

- Explique cal é a orixe e significado da festa.
- Expoña algúns dos ritos e costumes habituais nesa noite.
- Elabore unha relación das medidas que a asociación vai tomar para evitar estragos.
- Suxira aos visitantes pautas de comportamento para previr danos persoais e accidentes.

A NOITE DE SAN XOÁN

Celébrase a noite do 23 ao 24 de xuño coincidindo co solsticio de verán.

A noite de San Xoán é en Galicia a noite dos milagres e dos encantos. As fogueiras representan outro dos ritos característicos. Chámanse lumes, lumeiradas, cachelas, cacharelas... Acéndense nas primeiras horas da noite, despois da cea. A xente xúntase arredor delas e pasan a noite cantando e bailando. É tradición saltar a fogueira; ten que ser varias veces, sempre un número impar e saltando dunha vez para un lado e outra vez para outro. Ao acto de saltar chámanlle en moitos lugares salvar. As virtudes do lume do San Xoán son purificadoras, é bo contra o mal de ollo, meigallo, distintas enfermidades e ten propiedades casamenteiras.

Nesa noite avívase e colle maiores virtudes a auga das fontes santas e milagreiras. Os doentes van tomar os baños a elas, sempre con coidado das bruxas e aparecidos. É un costume habitual en toda Galicia recoller na tarde diferentes herbas e flores, botalas en auga e deixalas ao sereno para que collan o orballo co obxectivo de lavárense todos naquela auga pola mañá. Estas herbas denomínanse herbas de San Xoán (sanxoáns, fiúncho, codeso, os feitos machos, pólas de nogueira, malvas, artemisa...) que teñen propiedades medicinais.

A noite de San Xoán é propia tamén para adiviñar o porvir, xeralmente en cuestións amorosas. De entre todas as prácticas, a máis común é a do ovo: ás doce en punto da noite cáscase un ovo e déitase nun vaso de auga que se deixa ao sereno ata o amencer. Pola mañá, vaise ver o ovo e a forma que tomou, ás veces un barco, outras unha capela... e, polo que alí se ve, adivíñase a sorte que se ha ter no ano.

É habitual nesta noite, acompañando as fogueiras e nas zonas costeiras, preparar sardiñadas, sardiñas feitas nunha grella que se comen con viño e pan de broa.

Consellos para un San Xoán que non estrague ou emporque a natureza

A noite do 23 ao 24 é sinónimo de lume e de cacharelas, de festa, de comida e bebida. Todo isto implica unha serie de riscos para os participantes e o propio medio, que os organizadores e concellos están obrigados a controlar; de igual xeito, a celebración xera unha cantidade moi significativa de refugallos que tamén poden provocar un impacto grande no medio. Para vivir un San Xoán seguro e tamén sustentable, ADEGA acaba de publicar unha serie de recomendacións e consellos, que poden ser aproveitados nas grandes celebracións colectivas, coma a que viven algunhas praias urbanas (as de Coruña, por exemplo), pero tamén polas luminarias e festas máis pequenas, organizadas por grupos de amigos ou veciños.

ADEGA insta a veciñanza, comisións de festas e concellos para que teñan previsto «medidas de seguridade nas cacharelas, coidando que a súa situación non xere riscos para as persoas e impactos no medio».

Os primeiros consellos diríxense ao propio control do lume. O territorio galego acolle nesa noite miles e mesmo decenas de miles de cacharelas, polo que seguir unhas mínimas medidas de seguridade será importante para que a festa sexa completa e non teña consecuencias negativas.

En primeiro lugar, piden «acoutar os espazos das celebracións», sobre todo «nas proximidades de espazos naturais como fragas, bosques, ríos, contornas históricas ou monumentais». «Evitaremos riscos de fumes, danos á fauna e flora sensible, ao patrimonio, e accidentes ás persoas», destacan. De igual xeito, recomentan «evitar facer cacharelas en praias e dunas, especialmente en litorais protexidos ou de alto valor ecolóxico». As persoas responsábeis da asociación ecoloxista lembran que «mesmo nunha praia urbana, por moi humanizada que pareza, pode albergar unha rica biodiversidade, mesmo especies ameazadas ou en período de cría, como a pillara das dunas».

En canto á organización das cacharelas máis grandes, ás que acoden centos ou mesmo miles de persoas, ADEGA recomenda «ter previsto e sinalizado zonas de aparcadoiro e servizos hixiénicos» e, «se é posible», un posto de información permanentemente atendido. Suxírenlles ademais aos grupos organizadores «dispoñer sempre de protocolos, materiais e persoal responsábel de velar polo bo desenvolvemento da festa e con capacidade para previr situacións de risco e facer fronte aos pequenos accidentes que sempre se producen: queimaduras, pequenos lumes, caídas, intoxicacións...». De igual xeito, a entidade aposta por evitar o coche, por moitos motivos, e por achegarse ás festas andando ou en bici, «sen esquecer o chaleco reflector».

Respecto dos refugallos xerados polas celebracións, ADEGA pide en primeiro lugar «reducir» o seu volume, a través do uso de recipientes (vasos, pratos) de barro ou louza «e garrafas de cristal reutilizábeis, que os clientes poden levar coa consumición pagando unha pequena fianza. Logo, ao retornalos, seralles devolta a fianza se non queren ficar con eles». En caso de optar por vaixelas e recipientes de usar e tirar, a entidade recomenda que sexan de papel ou cartón e non de plástico.



A asociación tamén lembra que para a mellor xestión do lixo xerado debe haber «suficientes contedores para a recollida selectiva dos refugallos», cando menos «de orgánico, papel-cartón, vidro e envases lixeiros, e a recollida debería facerse logo de rematada a festa». Salienta que «os refugallos estrados en carballeiras e praias durante días ou o lixo acumulado nos colectores sen recoller degradan moitas paisaxes singulares e contaminan o ambiente».

Adaptado de *praza.gal*

NON ESCRIBA NESTA PÁXINA
COMECE NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the text. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A2' section.



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

